

desenvolvan o curso de nivelación de coñecementos previsto no Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, permitindo así o horizonte temporal necesario para que aqueles alumnos que se encontren en posesión dun título non universitario en materia de educación social dos xa incluídos no anexo á citada norma, ou dos que agora se inclúen, e desexen obter a equivalencia académica ao título universitario de diplomado en educación social, poidan acceder a el. No expediente emitíu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2007,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título de diplomado en educación social, establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.*

Un. O prazo de tres anos previsto no artigo 2, alínea d), para superar o curso de nivelación de coñecementos que organizará a universidade que imparta as ensinanzas correspondentes ao título oficial de diplomado en educación social, será de cinco anos contados desde o día 14 de febreiro de 2004.

Dous. Modifícase a disposición derradeira primeira pola que se engade unha disposición adicional única ao Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que se establece o título universitario oficial de diplomado en educación social e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel, no sentido de incluír no número 2. Centros desta disposición adicional única os seguintes centros e títulos:

Escuelas Profesionales Luis Amigó (EPLA): técnico especialista en adaptación social.

Escola de Educadores Especializados da Fundación Bartolomé de Carranza: educador especializado en inadaptação psico-social.

Tres. No anexo ao Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, engádense os seguintes números:

7. Escuelas Profesionales Luis Amigó (EPLA): técnico especialista en adaptación social.

8. Escola de Educadores Especializados da Fundación Bartolomé de Carranza: educador especializado en inadaptação psico-social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18915 *ORDE APA/3146/2007, do 19 de outubro, pola que se modifica o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas. («BOE» 262, do 1-11-2007.)*

A Directiva 2007/49/CE da Comisión, do 26 de xullo de 2007, que modifica a Directiva 2003/91/CE do Consello, do 6 de outubro de 2003, pola que se establecen disposicións de aplicación, para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, con respecto ás características que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar variedades de determinadas especies de plantas hortícolas, substitúe os anexos I e II da Directiva 2003/91/CE do Consello, do 6 de outubro de 2003, que foi incorporada ao noso ordenamento interno pola Orde APA/530/2004, do 13 de febreiro, pola que se modifican os regulamentos de inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, correspondentes a especies hortícolas, cereais, millo, oleaxinosas e téxtiles, pataca, forraxeiras, pratenses, cespitosas e leguminosas gran e remolacha.

Como consecuencia do anterior, modifícase o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, mediante a incorporación ao noso ordenamento interno da citada Directiva 2007/49/CE da Comisión, do 26 de xullo de 2007. En concreto substitúense os anexos E e F do regulamento.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas.*

Os anexos E e F da Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas substitúense polos que figuran no anexo desta orde.

Disposición transitoria única. *Variedades que se encontren en trámite de admisión.*

Aquelas variedades que con anterioridade ao 1 de novembro de 2007 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nesta orde ou, se é o caso, as disposicións anteriores que sexan de aplicación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de novembro de 2007.

Madrid, 19 de outubro de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO E

Lista de especies que deben cumprir os protocolos de exame da OCVV

Nome científico	Denominación común	Protocolo da OCVV
Allium cepa L. (grupo Cepa)	Cebola	TP 46/1 do 14.6.2005
Allium cepa L. (grupo Aggregatum)	Chalota	TP 46/1 do 14.6.2005
Allium porrum L.	Allo porro	TP 85/1 do 15.11.2001
Allium sativum L.	Allo	TP 162/1 do 25.3.2004
Asparagus officinalis L.	Espárrago	TP 130/1 do 27.3.2002
Brassica oleracea L.	Coliflor	TP 45/1 do 15.11.2001
Brassica oleracea L.	Brócoli	TP 151/2 do 21.3.2007
Brassica oleracea L.	Col de Bruxelas	TP 54/2 do 1.12.2005
Brassica oleracea L.	Colirravo	TP 65/1 do 25.3.2004
Brassica oleracea L.	Col de Milán, repolo e lombarda	TP 48/2 do 1.12.2005
Capsicum annuum L.	Pemento	TP 76/2 do 21.3.2007
Cichorium endivia L.	Escarola e endivia	TP 118/2 do 1.12.2005
Cichorium intybus L.	Chicoria industrial	TP 172/2 do 1.12.2005
Cichorium intybus L.	Chicoria silvestre	TP 173/1 do 25.3.2004
Citrullus lanatus (Thunb.) Matsum. et Nakai	Sandía	TP 142/1 do 21.3.2007
Cucumis melo L.	Melón	TP 104/2 do 21.3.2007
Cucumis sativus L.	Cogombro e cogombriño	TP 61/1 do 27.3.2002
Cucurbita pepo L.	Cabaciña	TP 119/1 do 25.3.2004
Cynara cardunculus L.	Alcachofa e cardo	TP 184/1 do 25.3.2004
Daucus carota L.	Cenoria de mesa e cenoria forraxeira	TP 49/2 do 1.12.2005
Foeniculum vulgare Mill.	Fiúncho	TP 183/1 do 25.3.2004
Lactuca sativa L.	Leituga	TP 13/3 do 21.3.2007
Lycopersicon esculentum Mill.	Tomate	TP 44/3 do 21.3.2007
Petroselinum crispum (Mill.) Nyman ex A.W. Hill.	Perexil	TP 136/1 do 21.3.2007
Phaseolus vulgaris L.	Feixón de mata baixa e feixón de rubir	TP 12/2 do 1.12.2005
Pisum sativum L. (partim)	Chícharo de gran rugoso, chícharo de gran liso redondo e chícharo cometodo	TP 7/1 do 6.11.2003
Raphanus sativus L.	Ravo e raviño	TP 64/1 do 27.3.2002
Spinacia oleracea L.	Espinaca	TP 55/1 do 27.3.2002
Valerianella locusta (L.) Laterr.	Valerianela	TP 75/2 do 21.3.2007
Vicia faba L. (partim)	Faba	TP Broadbean/1 do 25.3.2004
Zea mays L. (partim)	Millo doce e millo para flocos	TP 2/2 do 15.11.2001

O texto destes protocolos pódese consultar no sitio web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).

ANEXO F

Lista de especies que deben cumprir as directrices de exame da UPOV

Nome científico	Denominación común	Directriz da UPOV
Allium fistulosum L.	Ceboleta	TG/161/3 do 1.4.1998
Allium schoenoprasum L.	Ceboliño	TG/198/1 do 9.4.2003
Apium graveolens L.	Apio	TG/82/4 do 17.4.2002
Apium graveolens L.	Apiorravo	TG/74/4 corr. do 17.4.2002+ 5.4.2006
Beta vulgaris L.	Acelga	TG/106/4 do 31.3.2004
Beta vulgaris L.	Remolacha de mesa	TG/60/6 do 18.10.1996
Brassica oleracea L.	Col forraxeira ou verza	TG/90/6 do 31.3.2004
Brassica rapa L.	Col da China	TG/105/4 do 9.4.2003
Brassica rapa L.	Nabo	TG/37/10 do 4.4.2001
Cichorium intybus L.	Chicoria común ou italiana	TG/154/3 do 18.10.1996
Cucurbita maxima Duchense	Cabaza	TG/155/4 do 14.3.2007
Scorzonera hispanica L.	Escorzoneira	TG/116/3 do 21.10.1988
Solanum melongena L.	Berenxena	TG/117/4 do 17.4.2002

O texto destas directrices pódese consultar no sitio web da UPOV (www.upov.int).